



Presentación

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega

O día 4 de decembro de 2020 acudimos á vila de Melide convocados polo desexo de lembrar aquela Xunta de Melide que en 1520, cincocentos anos atrás, reunira os señores de Galicia en defensa dos intereses económicos e políticos do seu reino. O acto conmemorativo, sinxelo mais non exento de certa solemnidade, non pretendía emular aquela xuntanza histórica que cumpría medio milenio senón lembrala, rescatala do esquecemento, traela ao presente, colocala no coñecemento colectivo, facela parte do relato histórico compartido polos galegos e galegas non especialistas. Aquel mesmo serán invernizo de chuvia e moita neve, mais de ánimos acesos, acollidos ao ofrecemento do Presidente do Parlamento de Galicia, selamos o compromiso de dar a lume este libro.

Xuntáronse «na metade do reino», isto é, no corazón de Galicia. A vila de Melide ocupa, tamén, un lugar central neste volume, e faino por dúas razóns de xustiza. A primeira, obviamente, porque foi nesta terra onde se conxuraron os poderosos señores civís e eclesiásticos galegos, vindos de distintas partes do reino, e onde se fraguaron as capitulacións que serían dirixidas ao rei coas súas informacións e demandas. A segunda, porque foi o Museo Terra de Melide, gardián da súa memoria, valedor do seu patrimonio e promotor da súa divulgación, o incitador desta conmemoración tan íntima e simbólica para Melide e para a historia de toda Galicia.

Compráceme poder afirmar que o Consello da Cultura Galega acolleu con entusiasmo a iniciativa desde o momento en que aínda só era unha idea que xermolaba entre os promotores, axudando a concretala. Séntese compracido desta colaboración co Museo Terra de Melide e co Concello de Melide, e agradecido polo convite a facer parte da conmemoración e a vivila desde dentro. O especial *500 anos da Asemblea de Melide*, elaborado en 2020, segue en aberto no noso web, contribuíndo á divulgación do acontecemento histórico para todo tipo de públicos; os autores que aceptaron daquela o noso convite para redactar breves artigos contextualizadores repiten agora neste volume con maior amplitude e profundidade. Ben haxan todos pola súa dispoñibilidade, antano e hoxano.

Esta obra parte, logo, daquel núcleo inicial de hai un ano, cunha notable ampliación da nómina de autores e temas tratados, baixo a coordinación científica de Pegerto Saavedra, que aceptou xenerosamente a nosa encarga. A todos eles e elas, a nosa gratitude e recoñecemento. Un ramallete de once especialistas, con investigación histórica acreditada arredor dese período, achega 10 capítulos que se agrupan en tres eixes temáticos: (i) a Xunta, os seus obxectivos e resultados;

(ii) os poderosos galegos, civís e eclesiásticos, que se axuntaron; (iii) o territorio, a centralidade de Melide e os posibles escenarios do encontro.

No mesmo especial de 2020 publicamos por vez primeira a ilustración da escena histórica, encargada a Alberto Taracido, que volve ocupar un lugar de privilexio neste volume. A imaxe é o resultado dun intenso proceso de documentación sobre o espazo (a igrexa de San Francisco de Melide tal e como presuntamente a verían os reunidos); os asistentes, coas súas roupaxes baseadas en testemuños de época, que tamén apuntan diferenzas de status entre uns e outros; o pendón de Galicia, marcando o sentido da xuntanza, tomado do que portaba a representación do reino de Galicia nas exequias do emperador Carlos V en Bruxelas. No especial que figura en acceso libre na nosa web pódese acceder a unha reportaxe de como foi concibida e documentada a ilustración. Con ela tentamos crear unha imaxe historicista que permita evocar visualmente o acontecemento, que o fixe nas nosas retinas, para que cando pensemos en «Asemblea de Melide» acuda esta imaxe á nosa memoria.

Aqueles señores de Galicia de hai quíntos anos, que lle plantaron cara ao rei Carlos I, futuro emperador, ben merecen estar na nosa memoria. Son uns con nosoutros, con todos os galegos e galegas que temos conciencia da unidade de Galicia e da súa identidade diferencial, firmeza en defender o dereito a termos voz propia, vontade de gobernarmos os nosos destinos, teimosía en procurarmos un futuro acorde cos intereses da nosa terra, perseveranza a prol dos nosos dereitos lingüísticos e culturais.